



## **Bases 'XORNALISMO NA ESCOLA'**

### **V Edición**

#### **1. Obxecto**

A Obra Social 'la Caixa' e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia convocan **seis prazas** para impartir as sesións de formación incluídas no programa **XORNALISMO NA ESCOLA**, dirixido ao alumnado de 3º e 4º da E.S.O.

#### **2. Solicitudes e Selección**

- 2.1 Poderá concorrer a esta convocatoria calquera **colexiado ou colexiada do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia**, que acredite estar en situación de desemprego ou con empregos precarios.
- 2.2 Unha comisión da Xunta de Goberno do CPXG decidirá, no marco das súas competencias, cales son as mellores candidaturas e asignará as seis prazas dispoñibles.
- 2.3 A comisión terá en conta, na súa valoración, elementos como a condición de desemprego de longa duración, coñecemento do idioma galego, experiencia docente ou coñecementos pedagóxicos, ademais doutros méritos académicos ou profesionais que figuren no currículo das persoas aspirantes.
- 2.4 Dadas as características do proxecto, é necesario que as/os candidatas/os teñan dispoñibilidade para viaxar pola xeografía galega.
- 2.5 Aquelas/es colexiados ou colexiadas con rendas baixas tamén poden ser candidatos/as ás bolsas, se ben dita situación terá que ser debidamente xustificada. A comisión de selección será a que teña, en calquera caso, a última palabra sobre a inclusión ou non destas persoas entre as candidaturas finalistas.
- 2.6 No caso de quedar vacantes por renuncia dalgunha das persoas seleccionadas, a organización resérvase o dereito de convocar esa/s praza/s se así o considera oportuno.

#### **3. O proxecto**

- 3.1 O proxecto consiste na realización de arredor de 90 obradoiros en I.E.S públicos de Galicia, dirixido a estudantes de 3º e 4º da E.S.O. Os contidos, definidos polo CPXG, inclúen fundamentos sobre os medios de comunicación, a profesión xornalística e as mellores prácticas para acceder aos seus contidos nun mundo globalizado e tecnolóxico.
- 3.2 Cada un/ha dos/as **seis** xornalistas seleccionados impartirá o taller a **15** grupos diferentes de alumnos/as.
- 3.3 Cada sesión ten unha duración estimada de hora e media.
- 3.4 Os I.E.S poderán estar situados en calquera localidade de Galicia.
- 3.5 As persoas seleccionadas terán que realizar conxuntamente as unidades didácticas, así como unha presentación común, para impartir os talleres.
- 3.6 Igualmente, ao finalizar o proxecto, elaborarán unha memoria final.

#### 4. Prazo e condicións da solicitude

- 4.1 O prazo de recepción de solicitudes rematará ás **19.00** horas do **6 de novembro de 2019**.
- 4.2 A documentación presentada incluírá o formulario anexo, así como un breve currículo.
- 4.4 A comisión de selección dará a coñecer ás persoas escollidas para o proxecto a finais de novembro de 2019.
- 4.5 A documentación enviarase ao correo electrónico do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: **xornalistas@xornalistas.gal**.
- 4.6 Só serán aceptadas as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

#### 5. Contía

- 5.1 Cada bolsa está dotada con **2.250 euros**.
- 5.2 Dacordo coa normativa vixente, a entrega das citadas bolsas constitúen un rendemento suxeito ao imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), da/o seu/súa perceptor/a ou perceptores/as, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do organismo pagador.
- 5.3. Pagamento:  
O abono da bolsa realizarase en dúas fases:
  - 50% no momento de ser concedida
  - 50% á entrega do informe final do proxecto

#### 6. Posta en marcha

- 6.1 As sesións terán lugar durante o presente curso escolar, nun calendario establecido polo CPXG, no que se terán en conta os períodos de avaliación e exames do estudiantado.
- 6.2 Seguemento:
  - Os/as seleccionados/as comprométense a completar os proxectos no prazo previsto pola organización.
  - A organización resérvase o dereito de convocar ás/aos seleccionados/as en calquera momento para que presenten un informe do estado dos proxectos.
- 6.3 As unidades didácticas, así como o material empregado nos talleres pasará a formar parte da documentación interna do CPXG, polo que non poderá se utilizado noutros proxectos a non ser que conten con autorización expresa do CPXG.

#### 7. Outras normas

- 7.1 A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.
- 7.2 Non serán admitidas as solicitudes que non cumpran os anteriores requisitos.
- 7.3 A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- 7.4 Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas pola organización, que ten a última palabra sobre o desenvolvemento de todo o proxecto.